



## CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS RELACIONADAS A CONTINUACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

### Ano 2017

Concello	Data sinatura	Nº de vehículos motobomba	Nº de meses actuación vehículo Motobomba	Importe
A Lama	25 agosto 2017	1	3	14.355,00
A Peroxa	22 agosto 2017	1	3	14.355,00
As Nogais	18 agosto 2017	1	3	14.355,00
Coles	28 agosto 2017	1	3	14.355,00
Dozón	17 agosto 2017	1	3	14.355,00
Mancomunidade do Ribeiro	22 agosto 2017	1	4	19.140,00
Oia	22 agosto 2017	1	3	14.355,00
Portas	22 agosto 2017	1	3	14.355,00
Santa Comba	18 agosto 2017	1	3	14.355,00
Sarreaus	11 setembro 2017	1	3	14.355,00

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación Forestal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, **DECLARA:**

Que esta Consellería do Medio Rural formalizou coas entidades locais arriba relacionadas os instrumentos convencionais arriba referidos por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura de cada un dos convenios ata o 31 de decembro do 2017. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 1 mes o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data ata cumprir o prazo máximo estipulado.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto:

Acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais relacionadas coa finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais no ano 2017 para evitar os mesmos ou, cando menos,





minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo. En concreto a Consellería do Medio Rural financiará os custos de persoal nos que incurra a entidade local pola operatividade do vehículo motobomba. As contías, que figuran na relación, financiaráanse con fondos propios con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551-B.760.0, código de proxecto 2011.00771 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os instrumentos convencionais que se asinaron se fundamentan no seguinte:

O monte galego ven sendo afectado reiteradamente polos incendios forestais o que supón unha grave merma dos seus valores económicos, ecolóxicos e sociais.

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Para minimizar estes impactos a Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Ordenación desenvolve o Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (en adiante PLADIGA). Este plan engloba todas aquelas accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación e recolle a intensificación da coordinación e cooperación coas administracións locais. No PLADIGA, recóllense os medios humanos e materiais que participan na defensa contra incendios forestais. Este dispositivo inclúe, ademais dos medios propios os medios cos que colaboran as administracións locais.

As actuacións de colaboración coas entidades locais teñen o seu amparo legal a teor:

Do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, as competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

E consonte ao disposto nos artigos 8 e 59.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que prevén de forma explícita a colaboración e cooperación entre a Xunta de Galicia e os concellos en materia de prevención de incendios forestais.

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións derivan de que a realización do maior número posible de actuacións preventivas é de interese, non só para as administracións asinantes, senón para a cidadanía en xeral, dado que, estas tarefas, contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais dos incendios forestais; que constitúen unha grave ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios particulares forestais e de comunidades de montes veciñais, senón





tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A colaboración entre a administración autonómica e local, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, xa que os medios deben estar dispoñibles e integrados no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) ao inicio da época de perigo alto, polo que se requiren procedementos administrativos da máxima axilidade. A ter en conta tamén a longa experiencia acumulada polo SPDCIF na defensa contra os incendios forestais e o contacto directo entre os Distritos Forestais e os Concellos que neles se emprazan.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dos instrumentos convencionais que se asinaron, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Ordenación Forestal

(asinado dixitalmente)

